

Pescuda no arquivo: A vida na Galicia do XVIII



01. As enfermidades no século XVIII


SOLUCIÓN DO ENCRUCILLADO

Aquí vos deixamos as **solucións** do encrucillado.

Nesta primeira entrega achegámonos ás **fontes primarias**, esenciais para construír a **historia**: os documentos. No **documento** estudado puidemos observar unha das **enfermidades** que asolaban Galicia no século XVIII e as disposicións para evitar o **contaxio**.

Agora presentaremos un pequeno **apuntamento histórico** sobre as **doenzas** que ocasionaron máis estragos na poboación desa época.

Agardamos que esta entrega teña sido do voso agrado. Podedes enviar os vosos **comentarios** ao **endereço electrónico** ou a través do **Facebook** do arquivo.



Horizontais:

1. Nome do médico titular da vila
2. Enfermidade que causou a morte
3. Mes no que se comunica o auto
4. Uns dos bens de uso e servizo da defunta que se deben poñer de manifesto

Verticais:

1. Parentesco que garda a defunta con Josef Suárez
2. Sinónimo da epidemia
3. En beneficio de que se debe poñer inmediatamente en execución o que o médico declare conveniente
4. Vila na que se produce o suceso

01. As enfermidades no século XVIII

A peste bubónica, a varíola, a tuberculose e o cólera son os grandes andazos que **asolaron** á humanidade no pasado. A **peste** incidiu dende a Idade Antiga ata o século XVII, a **varíola** castigou sobre todo no XVIII e o XIX é o escenario dos gromos de **cólera**. Xunto aos brotes destas doenzas principais existían os do tabardillo ou **tifo**, o **sarampelo**, a **febre amarela**, o morbo gálico ou **sífilis** e a **tise** ou tuberculose pulmonar, entre outros.

Na **Galicia** do século XVIII tiveron lugar dúas crises **epidémicas** xerais, en 1710-1711 e 1769-1770 e logo crises locais que afectaban só a algúns lugares. Todas elas estiveron precedidas de **malas colleitas** e **fames** que provocaban a afluencia masiva de persoas ás cidades na procura de **asistencia caritativa**, o que favorecía a **propagación** do andazo.

A pesar destas graves crises, a **mortalidade catastrófica** emprendeu en Galicia unha

tendencia descendente ao longo dese século.

As **medidas** de loita contra o **contaxio** consistían no **peche** das murallas para impedir a entrada de xente afectada; na **limpeza** das rúas, con **sufumigacións** de loureiro e romeu; na retirada de doentes a lugares **extra muros** ou hospitais se os había; na **corentena** dos barcos nos portos; na **expulsión** de pobres chegados doutras partes; na **desinfección** das casas, obxectos e documentos con vinagre; na **queima** de roupas e mobles das persoas contaxiadas e, por último, no **illamento** dos núcleos de poboación. Ás veces **fuxían**, nun primeiro intre, as **autoridades** e os **poderosos**.

Na **próxima entrega**, no mes de **marzo**, falaremos das **profesións** relacionadas coa **saúde** (médicos, cirurxiáns, sangradores, boticarios) e dos **tratamentos** que se aplicaban ás doenzas na Galicia daquela época.